



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Psicología Clínica	Código	653491008		
Titulación	Mestrado Universitario en Xerontoloxía (Plan 2011)				
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web	http://gerontologia.udc.es				
Descrición xeral	Coñecer os principais cambios cognitivos e condutuais que se producen durante o proceso de envellecemento, tanto normal como patolóxico. Familiarizarse cos instrumentos máis empregados para a avaliación das alteracións e condutas psicopatolóxicas na poboación de idade avanzada. Iniciarse na intervención psicolóxica coas persoas maiores.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Saber valorar de xeito integral ás persoas maiores así como utilizar os resultados da valoración para intervir de acordo ao diagnóstico preestablecido.
A2	Saber diagnosticar a patoloxía máis prevalente nas persoas maiores así como establecer as pautas terapéuticas máis indicadas, tanto desde o punto de vista farmacolóxico como non farmacolóxico.
B1	Estar en disposición de integrarse en equipos de Saúde, centros xerontolóxicos e entidades que prestan servizos dirixidos as persoas maiores.
B3	Ter o coñecemento para denominarse especialista en Xerontoloxía Clínica de acordo á especialidade desenvolvida.
B5	Ser capaz de aplicar o método científico.
B7	Estar en disposición de realizar actividades asistenciais e investigadoras de xeito integral nos campos social, sanitario e sociosanitario.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir habilidades que permitan transferir o coñecemento teórico adquirido ás diferentes situacións reais dos ámbitos específicos da intervención psicolóxica.	AP1 AP2	BP1	CM3 CM4
Aprender a manexar os distintos métodos de avaliación diagnóstica e tratamento psicolóxico no ámbito aplicado da psicología do envellecemento.	AP1 AP2	BM1	
Ser capaz de valorar, interpretar e sintetizar adecuadamente a información procedente de técnicas de avaliación e diagnóstico psicolóxico.	AP1 AP2		
Manexar e desenvolver metodoloxías de intervención específica para a poboación de persoas maiores.		BP1 BP3 BI1	



Desarrollar habilidades de comunicación terapéutica aplicables a contextos sociosanitarios con persoas maiores.		BP1	CM1 CM2 CM3 CM4
---	--	-----	--------------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque 1. Psicoloxía clínica e avellentamento	<p>Tema 1. Introducción á psicoloxía clínica do avellentamento</p> <p>1.1. Conceptos xerais</p> <p>1.2. Principais teorías</p> <p>Tema 2. Metodoloxía en psicoloxía do avellentamento</p> <p>2.1. Avaliación e diagnóstico psicolóxico</p> <p>2.2. Intervención e tratamento psicolóxico</p> <p>2.3. Investigación en psicoloxía clínica</p>
Bloque 2. Cognición e avellentamento	<p>Tema 3. Orientación e percepción</p> <p>3.1. Concepto e neuropsicoloxía da orientación e percepción</p> <p>3.2. Cambios no avellentamento</p> <p>3.3. Avaliación</p> <p>3.4. Intervención</p> <p>Tema 4. Atención e funcións executivas</p> <p>4.1. Concepto e neuropsicoloxía da atención e funcións executivas</p> <p>4.2. Cambios no avellentamento</p> <p>4.3. Avaliación</p> <p>4.4. Intervención</p> <p>Tema 5. Memoria e aprendizaxe</p> <p>5.1. Concepto e neuropsicoloxía da memoria e aprendizaxe</p> <p>5.2. Cambios no avellentamento</p> <p>5.3. Avaliación</p> <p>5.4. Intervención</p> <p>Tema 6. Linguaxe e comunicación</p> <p>6.1. Concepto e neuropsicoloxía da linguaxe e comunicación</p> <p>6.2. Cambios no avellentamento</p> <p>6.3. Avaliación</p> <p>6.4. Intervención</p>



<p>Bloque 3. Psicopatoloxía no avellentamento</p>	<p>Tema 7. Trastornos afectivos: ansiedade e depresión</p> <p>7.1. Concepto</p> <p>7.2. Epidemioloxía</p> <p>7.3. Proceso diagnóstico. Principais instrumentos de avaliación</p> <p>7.4. Tratamento</p> <p>7.5. Factores de risco de suicidio</p> <p>Tema 8. Trastornos psicóticos e delirium</p> <p>8.1. Concepto</p> <p>8.2. Epidemioloxía</p> <p>8.3. Proceso diagnóstico. Principais instrumentos de avaliación</p> <p>8.4. Tratamento</p> <p>Tema 9. Demencias, deterioro cognitivo e trastornos da conduta</p> <p>9.1. Concepto/Tipos</p> <p>9.2. Trastornos psicolóxicos e de conduta</p> <p>9.3. Tratamento</p> <p>9.4. Atención psicolóxica ao cuidador principal</p>
<p>Bloque 4. Personalidade, adaptación e cambio no avellentamento</p>	<p>Tema 10. Personalidade e avellentamento</p> <p>10.1. Trazos de personalidade</p> <p>10.2. Teorías das etapas e desenvolvemento persoal</p> <p>10.3. Trastornos de personalidade</p> <p>Tema 11. Relacións sociais e sexualidade no avellentamento</p> <p>11.1. O apoio social no avellentamento</p> <p>11.2. Relación familiar e cambio de roles</p> <p>11.3. Mitos e estereotipos sobre sexualidade no avellentamento</p> <p>11.4. Intervención</p> <p>Tema 12. Xubilación, morte e dó</p> <p>12.1. Xubilación: planificación e tempo libre</p> <p>12.2. Afrontamento da morte</p> <p>12.3. Etapas do dó</p> <p>12.4. Apoio psicolóxico en cuidados paliativos</p> <p>Tema 13. Promoción da saúde e avellentamento activo</p> <p>13.1. Percepción da saúde</p> <p>13.2. Promoción da saúde e prevención da enfermidade</p> <p>13.3. Programas de promoción do avellentamento activo</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 B1 B3 B7	28	56	84
Obradoiro	A1 A2 B1 B3 B5 B7 C1 C2 C3 C4	10	6	16
Traballos tutelados	B5 B7 C1 C2 C3 C4	4	22	26
Proba de resposta múltiple	A1 A2 B1 B3 B5 B7 C4	2	20	22



Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación oral da materia por parte dos profesores (docencia expositiva), guiada por medios audiovisuais. As sesións maxistras pretenden transmitir coñecementos xerais sobre a materia e resolver dúbidas. Terán lugar os mércores de 16:00 a 18:00 horas.
Obradoiro	Os alumnos desenvolverán tarefas eminentemente prácticas (tanto na aula como na casa) sobre temas específicos, con apoio e supervisión dos profesores: Estudo de casos clínicos, debate e discusión de contidos específicos da materia, revisión e análise de artigos científicos seleccionados polos profesores e relacionados coa materia, videos, comentarios sobre noticias actuais ...
Traballos tutelados	O alumno realizará un traballo tutelado (experimental ou teórico) relacionado co programa. Independentemente do tipo de traballo seleccionado (experimental ou teórico), incluír a revisión de artigos científicos (en castelán e inglés) sobre o tema elixido, e unha avaliación crítica dos mesmos. Ademais, o traballo debe ser exposto oralmente na clase co apoio de medios audiovisuais.
Proba de resposta múltiple	Os temas presentados na clase durante as clases teóricas deberán ser superados a través dunha proba que constará de 40 preguntas con 4 opcións de resposta.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Obradoiro	A titorización de traballos tutelados e exercicios requeridos nos obradoiros poderase realizar nos horarios de titorías de forma presencial ou telemática por Teams, ou mediante correo electrónico: laura.lorenzo.lopez@udc.es. Ademais da atención personalizada que se realice a demanda do alumnado, haberá dous encontros obrigatorios para realizar o seguimento do traballo tutelado. A forma (presencial ou telemática) e o momento en que se desenvolverán tales encontros obrigatorios indicárase ao longo do curso. ----- Os estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención académica deberán indicalo ao inicio do curso para adoptar as medidas de atención personalizadas que sexan adecuadas en cada caso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	B5 B7 C1 C2 C3 C4	Avaliarase a capacidade de síntese e a valoración crítica do tema estudado, ademais do contido e formato do traballo, e a súa exposición oral. A cualificación do traballo tutelado contribuirá ao 40% da cualificación total da materia.	40
Proba de resposta múltiple	A1 A2 B1 B3 B5 B7 C4	Proba de tipo test composta por 40 preguntas con 4 opcións de resposta sendo só unha resposta correcta. Cada pregunta que se responda mal restará 0,25 puntos, non restando as respostas en branco. Fórmula: $(A - (E * 0,25)) * 10 / 40$. Esta cualificación contribuirá ao 40% da nota total da materia.	40
Obradoiro	A1 A2 B1 B3 B5 B7 C1 C2 C3 C4	Avaliarase a participación activa e con aproveitamento, a capacidade de resolución de casos e a capacidade de traballo en equipo. Esta cualificación contribuirá ao 20% da cualificación total da materia.	20

Observacións avaliación



A detección de fraude, copia ou plaxio na redacción do traballo da materia implicará un suspenso na oportunidade de avaliación afectada e a remisión directa á oportunidade seguinte. Dita actitude comunicárase á Comisión Académica e ao resto de profesores do título. En caso de que se reitere a irregularidade nunha 2ª avaliación, a Comisión poderá solicitar ao Reitor a expulsión temporal ou permanente do/a alumno/a do título cursado.

Fontes de información

Bibliografía básica

Belsky, J.K. (2001). *Psicología del Envejecimiento*. Paraninfo. Madrid. Fernandez-Ballesteros, R. (2007). *GeroPsychology. European Perspectives for an Aging World*. Hogrefe. Washington. Fernandez-Ballesteros, R. (2009). *Psicología de la vejez. Una psicogerontología aplicada*. Pirámide. Madrid. Fernández Liria, A., Rodríguez Vega, B. (2006). *Habilidades de entrevista para psicoterapeutas*. Desclee. Bilbao. Izal, M., Montorio, I. (1999). *Gerontología Conductual. Bases para la intervención y ámbitos de aplicación*. Editorial Síntesis. Madrid. Montorio, I., Izal, M. (2000). *Intervención psicológica en la vejez. Aplicaciones en el ámbito clínico y de la salud*. Síntesis. Madrid. Muñoz Tortosa, J. (2002). *Psicología del envejecimiento*. Pirámide. Madrid. Triadó, C., Villar, F. (2006). *Psicología de la vejez*. Alianza Editorial. Madrid.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Valoración e intervención en Xerontoloxía/653491001

Intervención non farmacolóxica en demencias/653491017

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "III Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2018-2020)" os traballos documentais que se realicen nesta materia: a.- Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático. b.- De realizarse en papel: Non se empregarán plásticos. Realizaranse impresións a dobre cara. Empregarase papel reciclado. Evitarase a realización de borradores. RECOMENDACIÓNS XERAIS: 1. Asistir ás sesións presenciais/telemáticas. 2. Realizar o traballo de forma continua ao longo de todo o curso. 3. Asistir a titorías sempre que se teñan dúbidas. 4. Preparar de forma adecuada a presentación oral do traballo.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías